

Declaración sobre a supervivencia, protección e desenvolvemento do neno

□ Asinada na sé das Nacións Unidas o día 30 de setembro de 1990

As Nacións Unidas, fixeron a seguinte declaración sobre a supervivencia, a protección e o desenvolvemento do neno:

1.- Reunímonos no Cumio Mundial a prol da Infancia para contraer un compromiso común e facer un urxente chamamento a nivel mundial para que se lle de a tódolos nenos un futuro mellor.

2.- Os nenos do mundo son inocentes, vulnerábeis e dependentes. Tamén son curiosos, activos e están cheos de esperanza. A súa infancia debe ser unha época de ledicia e paz, xogos, aprendizaxe e crecemento. O seu futuro debería forxarse con espírito de harmonía e cooperación. A medida que maduren terían que ir ampliando as súas perspectivas e adquirindo novas experiencias.

3.- Sen embargo, na realidade, a infancia de moitos nenos é diferente da descrita.

O problema

4.- Día a día, innumerábeis nenos de todo o mundo vense espostos a perigos que dificultan o seu crecemento e desenvolvemento. Padecen graves sufrimentos como consecuencia da guerra e da violencia; como vítimas da discriminación racial, o apartheid, a agresión, a ocupación estranxeira e a anexión; tamén sofren os nenos refuxiados e desprazados que se ven obrigados a abandonar os seus fogares e as súas raíces; algúns sofren por seren nenos impedidos; ou por falta de atención ou por seren obxecto de crueldades e de explotación.


5.- Día a día, millóns de nenos son vítimas do andacio da pobreza e as crises económicas, da fame e da falta de fogar, das epidemias, do analfabetismo e do deterioro do medio ambiente. Sofren os graves efectos da falla dun crecemento sostido e sosteñíbel en moitos en desenvolvemento, sobre de todo nos menos adiantados, e dos problemas da débeda externa.

6.- Cada día morren 40.000 nenos por malnutrición e diversas enfermidades, pola Sida, a falla de auga potábel e de saneamento axeitado e polos efectos do problema da droga.

7.- Estes son os problemas que como dirixentes políticos debemos atender.

As posibilidades

8.- En conxunto, os nosos países contan con medios e coñecementos para protexer a vida e mitigar considerablemente os sufrimentos dos nenos, fomenta-lo pleno desenvolvemento do seu potencial humano e facerlles tomar conciencia das súas necesidades, os seus de-



Millóns de nenos son vítimas da pobreza e das crisis económicas.

reitos e as súas oportunidades. A convención sobre os Dereitos e o benestar do nenó adquiren un carácter realmente universal.

9.- O clima político internacional máis favorable dos últimos tempos pode facilita-la tarefa. Mediante a cooperación e a solidariedade internacionais agora debería ser posíbel acadar resultados concretos en moitas esferas: revitalizar o crecemento e o desenvolvemento económicos, protexer o medio ambiente, evitar a transmisión de enfermidades mortais e destrutivas e acadar unha maior xusticia social e económica. A tendencia actual ao desarme tamén significa que se deberían liberar cuantiosos recursos para fins non militares. Cando se proceda á reasignación destes recursos debería otorgarse moi alta prioridade a aumentar o benestar dos nenos.

A tarefa

10.- A primeira obriga é mellora-las condicións de saúde e nutrición dos nenos, e para elo dispónse na actualidade de varias alternativas. Cada día pódese salva-la vida a decenas de milleiros de nenos e nenos, xa que é doado prevenir aquilo que podería chegar a causarlles a morte. A mortalidade de nenos menores de catro anos é extremadamente alta en moitas partes do mundo, pero pódese reducir en forma drástica cos medios xa coñecidos e de doado acceso.

11.- Deberíase prestar máis atención, cuidado e apoio aos nenos impedidos e a outros nenos en circunstancias especialmente difíceis.

12.- O fortalecemento da función da muller en xeral e o respeito da súa igualdade de de-

reitos favorecerán aos nenos do mundo. As nenas deberían recibir o mesmo trato e as mesmas oportunidades desde o seu nacemento.

13.- Actualmente hai máis de 100 millóns de nenos que non reciben instrución escolar básica e dúas terceiras partes deles son do sexo feminino. A prestación de servizos de educación básica e de alfabetización a todos é unha das contribucións máis importantes que se poden facer para o desenvolvemento dos nenos no mundo.

14.- Cada ano morren medio millón de nais por complicacións relacionadas co parto. Hai que promover a maternidade sen risco por tódolos medios posíbeis e atribuír particular importancia á planificación responsable da familia e ao espaciamiento dos nacementos. Débese dar toda a protección e asistencia necesarias á familia, como grupo fundamental e entorno natural do crecemento e do benestar dos nenos.

15.- Por intermedio da familia e de outras persoas que se

preocupan polo benestar dos nenos habería que ofrecerlles a oportunidade de descubrir a súa identidade e aproveitar o seu potencial. Deberíase preparar ós nenos para vivir responsablemente nunha sociedade libre. Deberían ser estimulados desde a infancia a participar na vida cultural da sociedade na que viven.

16.- A situación económica seguirá exercendo unha importante influencia na vida dos nenos, sobre todo nas nacións en desenvolvemento. Tendo presente o futuro dos nenos hai que asegurar ou reactivar urxentemente o crecemento e o desenvolvemento económicos sostidos e sosteñíbeis en tódolos países, e seguir prestando atención urxente a unha solución ampla e duradeira dos problemas da débeda externa que afectan ós países debedores en desenvolvemento.

17.- Para realizar esas tarefas, tódalas nacións deben desplegar esforzos constantes e concertados, tanto a nivel nacional como mediante a cooperación internacional.

AS MEDIDAS

Dar ós nenos un futuro mellor

21.- O Cumio Mundial en favor da infancia desafíanos a que adoptemos medidas.

22.- Entre outras colaboracións, solicitamos as dos nosos países, para que participen nesta tarefa.

23.- Asímesmo, aspiramos a contar co apoio do sistema das Nacións Unidas e de outras organizacións internacionais e rexionais neste esforzo mundial en favor da infancia.

24.- Temos decidido adoptar e aplicar un Plan de Acción que sirva de marco de referencia para a realización de actividades nacionais e internacionais máis específicas. Facemos un chamamento a tódolos nosos colegas para que fagan seu este Plan.

25.- Comprometémonos a facelo non só para a xeneración actual, senón tamén para as xeneracións vindeiras. Non pode haber unha tarefa máis nobre que a de dar a tódolos nenos un futuro mellor.

O compromiso

18.- Para velar polo benestar dos nenos deben adoptarse medidas políticas ao máis alto nivel. Estamos decididos a facelo.

19.- Polo tanto, comprometémonos solemnemente a atribuír alta prioridade aos dereitos do neno, a súa supervivencia, protección e desenvolvemento. Des- te xeito tamén se contribuirá ao benestar de tódalas sociedades.

20.- Temos acordado traballar en conxunto, colaborando a nivel internacional e nos nosos respectivos países. Comprometémonos a aplicar o programa de 10 puntos que se presenta de seguido, co obxecto de protexer os dereitos do neno e mellora-las súas condicións de vida.

a) Esforzarémonos por promover a rápida ratificación e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno.

b) Esforzarémonos porque se adopten constantes medidas a nivel nacional e internacional para mellorar as condicións de saúde dos nenos, fomentar a atención prenatal e reducir a mortalidade de nenos menores de catro anos. Fomentaremos a provisión de auga potábel.

c) Esforzarémonos por acadar un crecemento e un desenvolvemento óptimos dos nenos, e adoptar medidas para eliminar a fame e a desnutrición.

d) Esforzarémonos por fortalecer a función e a condición da muller.

e) Esforzarémonos porque se respete a contribución da familia ao cuidado dos nenos e prestarmos apoio aos esforzos do país, ás demais persoas que se ocupan do cuidado dos nenos e ás comunidades, por crialos e atendelos desde as primeiras etapas da infancia.


f) Esforzarémonos porque se executen programas encamiñados a reducir o analfabetismo e ofrecer oportunidades de educación a tódolos nenos, independentemente da súa orixe e sexo.

g) Esforzarémonos por mellora-la dramática situación de millóns de nenos que viven en circunstancias especialmente difíciles por seren vítimas do apartheid e a ocupación estranxeira, dos orfos e dos nenos da rúa e fillos de traballadores emigrantes, dos nenos desprazados e vítimas de desastres naturais e provocados polo ser humano; dos nenos impedidos e vítimas de malos tratos, dos nenos que se atopan en condición de desvantaxe do punto de vista social e dos nenos explotados.

h) Esforzarémonos con especial adicación por protexer aos nenos contra do flaxelo da guerra e por tomar medidas que impidan o estoupido de novos conflitos armados, para así darlles aos nenos de todo o mundo un futuro de paz e seguridade.

i) Esforzarémonos porque se inicie unha loita a nivel mundial contra a pobreza, loita que se reflexaría de inmediato nun maior benestar para os nenos. Débese dar prioridade á vulnerabilidade e ás necesidades especiais dos nenos dos países en desenvolvemento e, en particular, dos países menos adiantados.

EDUCACION TECNOLÓGICA



Un problema técnico

¿Cál debería ser o tipo de actividades dunha educación tecnolóxica. Se partimos de que tódalas actividades han de posibilita-lo desenvolvemento de un conxunto amplo de capacidades, parece claro que a resolución de problemas cumpre perfectamente con tal requirimento. No caso da Educación científico-tecnolóxica, os problemas son o eixo vertebral do traballo. Desenvolvemos a continuación un exemplo de traballo práctico.

O problema plantexado é a construción dunha ponte. A ponte ten que salvar un río de 50 cm. de ancho, permitindo o paso de barcos que teñan alomenos 25 cm. de alto. O ancho do paso da ponte non pode ser maior dse 12 cm. e debe soportar 4 kilogramos de peso. O


material a empregar será: cartulina, pegamento, fío de coser e un cartón. Os alumnos estarán distribuídos en grupos de 3 ou 4 co material preparado e un caderno de notas. Un problema a resolver en tódalas construción e tratar de conseguila maior resistencia e rixidez co menor gasto de material. Os pasos para a construción da ponte son os seguintes:

- Utilizando folios usados cada equipo construíra columnas con diferentes perfiles. Elaborarán as súas conclusións e tomarán notas no caderno (fig. 1).
- Con folios usados construírán vigas con diferentes perfiles. Conclusións e notas no caderno (fig. 2).
- Inspeccionando obras, construción, mobles, etc.. os

alumnos recollerán información sobre os perfiles empregados, así como outros elementos como escuadras, tirantes e tensores que dan resistencia (fig. 3).

- Cada alumno realizará un proxecto da ponte que quere construír.
- Realización do traballo e comprobación da resistencia. Este é un momento particularmente delicado. Pode facerse colocando libros na ponte pouco a pouco. En caso de non ter resistencia suficiente, non destruíla totalmente e sí facer algunha reparación.
- Finalmente, presentaráse o traballo acompañado do informe técnico das súas características (fig. 4).

LUIS OTERO



Relación entre ciencia e técnica: Aproximación didáctica

No estado actual de desenvolvemento científico-técnico, falar da relación entre ciencia e técnica é un problema complexo. Non hai forma de atopar unha fronteira nítida entre ciencia e técnica, solapadas como están tanto a nivel de obxecto de investigación, de métodos de traballos ou mesmo de institucións responsables. Sen embargo, desde o punto de vista da didáctica é posible facer unha serie de afirmacións que poidan guiar o traballo nas aulas da ensinanza primaria e secundaria.

a) Sendo o entorno natural e artificial o centro de atención na ensinanza primaria e secundaria e dado o estado de desenvolvemento dos alumnos, non é posible separar contidos referidos a ciencia de contidos referidos á técnica.

Posiblemente ó final da secundaria, ou ben, máis adiante poda o alumno ou alumna comprender as peculiaridades dos coñecementos técnicos e científicos, pero

antes o que aparece é un conxunto básico de coñecementos (propiedades dos materiais, forzas, corrente eléctrica, calor, temperatura, etc.) que se manifestan no entorno natural e artificial (máquinas, aparatos, coches, electrodomésticos, etc.).

b) desbotado un enfoque memorístico é aceptado un achegamento á realidade donde a actividade do alumno na construción de coñecementos é o primordial, a resolución de problemas é unha combinación de procedementos manipulativos e intelectuais que se manifestan da mesma forma tanto nos problemas tradicionalmente adscritos á Ciencia como nos da Técnica.

Como proba reproducimos aquí dous esquemas de resolución de problemas que responden a un problema científico e a un técnico. Pódese ver facilmente a semellanza—senón igualdade—entre ambos.

c) A menos que se queira falar dun entorno natural

“romántico”, donde o protagonismo estea nos seres vivos, temos que admitir que hoxendía “o artificial” forma parte principal do entorno dos nosos alumnos e alumnas. De ahí que non teña ningún sentido prantexar os cursos de ciencias traballando exclusivamente unha natureza que so existe nos anxeios ou recordos de algúns. Compre pois desenvolver actitudes críticas e coñecementos sobre o emprego da técnica, as súas limitacións e os seus perigos.

d) De acordo con todo o anterior, a educación tecnolóxica debe ser un contido transversal no curriculum da área de ciencias ou de coñecemento do medio.

Sería ben que desde o interruptor ata a bioxenética tiveran un lugar na formación básica dos alumnos e alumnas. Despois de todo, estudian e aprenden para comprende-lo mundo e o mundo está cheo de interruptores.

NOVAS TECNOLOXIAS

¿Publicidade encuberta?

□ Existen presións das casas fabricantes

Así como a Educación Tecnolóxica ou Pretecnolóxica ven sendo considerada unha "maría" ou ben forma parte desa rama de segundo orde chamada F.P., as Novas Tecnoloxías constitúen unha explosión de innovación nos nosos colexios e institutos. Alomenos esto é o que se segue dalgunhas declaracións e tamén dalguns presupostos adicados ó tema. A cousa chega a ser grave cando ter Informática é considerado un índice de calidade ou cando a autoridade de turno xustifica o seu modernismo pedagóxico recurrido a tal ou cal programa de implantación de ordenadores na aula (con porta de seguridade desde logo).

A verdade é que a estas alturas hai xa unha boa colección de erros que nos poden dar unha pista dos verdadeiros motivos da furia informático-audiovisual. O primeiro de todos é a entrada da Informática ou do Vídeo en forma dunha asignatura (junha máis!) cando se trata de instrumentos e, polo tanto, auxiliares para outras áreas.

Informática

No caso da informática, esta asignatura comenzo facendo sufrir ós alumnos coa aprendizaxe dunha linguaxe, o Basic, e, sen embargo, non se utilizan os ordenadores para facer representacións gráficas nas clases de matemáticas.

Parece absurdo tratar de facer comprender a un rapaz que cursa sexto de Educación Xeral Básica a arquitectura dun ordenador persoal, cando non nin


siquera se traballa coa calculadora, un instrumento, por certo, ben barato e asequible.

O Vídeo

Outros dos casos e o do vídeo, o seu emprego carece aínda dunha reflexión didáctica e son moitos os profesores que utilizan unha cinta para evitar unha hora de clase fomentando dese modo a pasividade dos seus alumnos.

Non se programan actividades de síntese ou crítica e tampouco se ten en conta que unha sesión de audiovisual non debe pasar dos dez minutos seguidos se se quere ter un mínimo de reflexión.

Hai que recoñecer, nembargantes, os esforzos daqueles profesores que tratan de facer un uso creativo do material, tanto no que se refire a informática, como do vídeo pero, e aquí es-



A ensinanza de informática non é a máis apropiada para os alumnos.

tán outras das claves, tropezan co cativo equipamento co que contan.

Nalguns casos, os rapaces tiveron que ser seleccionados para acceder a unha clase de informática por falta de ordenadores suficientes.

Forte presión

Todo o que levamos dito suxire que a implantación, tanto da

informática coma do vídeo na escola obedece máis ben a unha forte presión por parte das casas fabricantes que, ademais de asinaren xugosos contratos coas administracións educativas, conseguen así unha publicidade moi eficaz. Non é raro que sexan precisamente os propios rapaces os seus mellores clientes.

A modo de conclusión compre sinalar que cando se quere

introducir unha innovación hai que dotar os colexios de recursos suficientes: neste caso aparatos, e sobre todo, formación do profesorado. Pero tamén hai que ter unha idea clara de dónde, cando e como se van a introducir as novidades.

Os ordenadores e o vídeo terán que estar nas clases de Lingua, Matemáticas, Ciencias, etc. ¡Non máis asignaturas, por favor!

Existe tensión entre as maneiras de incorporar contidos


Adaptacións curriculares para acadar obxectivos

□ Segue indentificándose Tecnoloxía con traballo manual

Un básico criterio globalizador aconsella non aumentalo número de áreas

Pesia tódalas recomendacións e teorizacións feitas nos últimos tempos polos expertos en deseño curricular, as decisións que se van tomando no proceso de reforma están sendo condicionadas por factores que están moi lonxe dunha suposta racionalidade. No caso da Tecnoloxía na Educación Secundaria hai unha primeira decisión trascendental: a súa inclusión como área.

Sabido é que os deseños curriculares respostan a unha pregunta básica: ¿qué tipo de coñecementos, procesos e actitudes considera a sociedade fundamentais para os seus cidadáns? Unha vez seleccionados, poden incorporarse en forma de áreas, ou ben como temas, transversais ou non, incluídos noutras áreas. No proceso de renovación —non confundir coa reforma administrativa— existe unha tensión entre estas formas de incorporar contidos. Así tivemos discusións sobre se implantar unha asignatura chamada Educación Sexual ou ben incorporalos seus contidos ás áreas de Ciencias ou de Coñecemento do medio. O mesmo caso para a Educación, para a Convivencia, para a Paz, para o Consumo, etc. Un básico criterio globalizador aconsella non aumentalo número de áreas ou



Segue confundíndose traballo manual con formación "mecánica" e acrítica.

asignaturas, reorganizando e actualizando, polo contrario, os contidos das grandes áreas (Matemáticas, Sociais, Experimentais, etc.).

A tecnoloxía leva xa bastante tempo separada e figurando, no caso da EXB, como unha actividade marxinal —a educación Pretecnolóxica—, moitas veces mesturada coa Expresión Plástica. No BUP non existía, xa que para eso xa estaba a Formación Profesional.

Por outro lado, os didactas das Ciencias están cada vez máis convencidos de que é imposible traballar as Ciencias sen ter en conta os seus aspectos tecnolóxicos. Matinando podemos facer algunhas hipóteses sobre os factores que poideron inclinar os nosos deseñadores a incluí-la Tecnoloxía como unha área:

a) Non coñecían as novas tendencias da Ensinanza das Ciencias. Hipótese moi impro-

bable pois tiveron un bon equipo de asesores e poideron contrastar con outros deseños no estranxeiro.

b) Eliminada a F.P. ¿en qué ían empregar tanto profesor de tecnoloxía e mestre de taller? Pode ser unha boa razón, aínda que como dicíamos ó principio, está moi lonxe dos consellos do deseño curricular.

c) E unha forma camuflada de mantela dobre titulación ó remate da ensinanza secunda-

ria. Como se sabe a titulación da ensinanza obligatoria pode incluír o detalle das asignaturas cursadas e unha orientación sobre o futuro profesional do alumno. ¿Servirá a Tecnoloxía para ir encauzando os novos traballadores manuais?

Trata-la diversidade

d) A Tecnoloxía pode servir para trata-la diversidade. Facendo unha pouca demagogia, o problema da diversidade pode reducirse, é que facer cos malos alumnos que non son capaces de aproba-las Matemáticas e a Lingua. A administración dí que serán precisas adaptacións curriculares para que estes malos alumnos podan acadalos mesmos obxectivos cursando outros programas. Por exemplo, ¿incluíndo máis Tecnoloxía?

e) En realidade, segue indentificándose Tecnoloxía con traballo manual pouco cualificado, con formación "mecánica" e acrítica. Segue latexando a vella discriminación entre traballo manual e intelectual.

¿Cál pode ser a razón? Non sabemos. O único certo é que non se producir un debate necesario. Unha vez máis, os profesores teremos que remediar na escola... (se podemos).

"O texto definitivo da Loxse é insuficiente e contradictorio"

O pasado día dous de febreiro celebrouse en Santiago a VIIIª asamblea de Nova Escola Galega, na que cunha notable participación de socios/as debatíronse tres documentos nos que se marcan as liñas de traballo da asociación nos próximos anos: "Nova Escola Galega e a Formación do Profesorado", "Nova Escola Galega e os anos 90" e "Un modelo de organización para os Movementos de Renovación Pedagóxica de Galicia". Abordouse o programa de actividades para o ano 91 e o proxecto de Escola de Verán, a celebrar en Vilanova de Arousa na primeira semana de xullo. Procedeuse a renovación dos cargos directivos, quedando o secretariado composto por: Carmen Soto Carballada, como presidenta; María Dolores Candedo Gunturiz, secretaria; Xosé Ramos Rodríguez, vicesecretario; Cecilia Bello Rodríguez, tesorera; Josefina Mosquera Roel, secretaria de relacións externas; Manolo Bragado, secretario de publicacións e Antón Costa Rico, secretario de infraestrutura e medios.

Falamos con Carmen Soto, profesora de EXB e Licenciada en Pedagogía, que dí de si mesma "non ter máis méritos ca eses e ser unha asociada de Nova Escola Galega disposta a poñer un grao de area para continua-lo traballo que presidentas (Mercedes Suárez Pazos e Fina Mosquera Roel) e presidentes anteriores leváron adiante con gran entusiasmo".

Pasado o día 8 de marzo e obrigado rememora-los esforzos que as mulleres veñen facendo para incorporarse ó mundo en pé de igualdade, tendo que sacrificar ás veces a propia vida. Somos conscientes de que segundo vai pasando o tempo a muller vai tendo acceso a espazos da vida social que ata o momento lle estaban vetados. ¿Qué papel xoga a educación neste proceso?

—A verdade é que a conquista do dereito das mulleres a recibir educación non foi un camiño de rosas e as feministas atoparon un bo número de incompreensións nunha reivindicación que agora nos parece obvia. Máis tarde, sectores sociais progresistas e o movemento feminista fixeron causa común para rematar coa escola segregada ou separada por sexos e acadar a escola mixta que hoxe

Carmen Soto, elexida presidenta de Nova Escola Galega

□ "Proponemos unha acción coeducadora"



"Queremos unha escola que posibilita unha educación para a igualdade".

todos e todas disfrutamos. A escola mixta vaise xeneralizando nos países occidentais, no Estado Español coa Lei Xeral de Educación do ano 1970. Aparentemente a igualdade está conquistada. As primeiras consecuencias foron moi favorables: aumenta a taxa de mulleres universitarias, a diferenza tradicional entre homes e mulleres de analfabetismo redúcese, vaise normalizando a convivencia dos dous sexos nos centros de ensino. Mais a pouco que contemplan a realidade hai sinais que fan dubidosa esta aparente igualdade: as mulleres siguen elixindo profesións "típicamente" femininas menos valoradas socialmente, as carreiras técnicas non entran nas súas preferencias; optan a postos de traballo peor remunerados e a súa participación na vida pública vai a paso lento.

¿Por qué sucede isto? Unha vez que os coñecementos actuais descartan as razóns biolóxicas podemos pensar que a educación, —familiar, escolar e ambiental—, pode ter algo que ver con esta asignación e aceptación de papeis sociais secundarios. Pensemos por un momento na nosa realidade escolar, a nosa cabeza veñen imáxenes de: recreos nos que os rapaces xogan e as nenas pasean, aulas nas que se agrupan

por amizades e coinciden nenos a un lado e nenas a outro, contidos que desvalorizan as aportacións que as mulleres teñen feito á historia da ciencia e do saber, unha escola que propicia e valora como positivos os valores tradicionalmente masculinos (agresividade, competitividade...), actitudes que fan da pertencencia a un sexo a asunción dun xénero.

Haberá docentes que pensen que é esaxeradamente "lila" ou parcial, cousa que non me extraña porque aínda que estes comportamentos están diante dos nosos ollos a cotío, a nosa cultura está feita para facelos invisibles. Hoxe temos estudos e investigacións que nos fan pensar que a escola segue a conservar características que a fan rosa e azul e non igual para todos e todas.

Coeducación

"Nova Escola Galega —engade Carme Soto—, como movemento de renovación pedagóxica comprometido na defensa de un modelo de escola pública igual para todos e todas ven reclamando dende hai tempo a necesidade de que o noso sistema educativo sexa verdadeiramente coeducativo, potenciador do desenvolvemento das persoas e, polo tanto, que com-

bata os roles sexuais establecidos pola sociedade patriarcal. Proponemos levar a diante unha acción coeducadora no camiño de supera-la discriminación das mulleres que non contribúa a crear diferentes expectativas para nenos e nenas; que non faga unha xerarquía de valores "masculinos" e "femeninos", recollendo, ó contrario, o que teñen ámbolos de positivo para os dous sexos. Acadaremos así unha escola que posibilita unha verdadeira educación para a igualdade".

—As portas da posta en funcionamento da Loxse, ¿qué esperanzas abren nesa camiño?

—A Loxse supón unha importante modificación da estrutura do actual sistema educativo e tamén modificacións de carácter pedagóxico e curricular que fixeron concebir ilusións sobre o recoñecemento da coeducación como un dos seus principios. O texto definitivo é neste senso insuficiente e contradictorio. Botamos en falta: referencia ó modelo educativo tradicionalmente masculino e a necesidade de modificarlo; non se precisan as actuacións concretas para combater eses estereotipos; non aparece nunca o termo coeducación; esquece introducir ese conxunto de habilidades e destrezas vinculadas ó rol feminino.

Compromiso da Administración

—¿Cál é o compromiso da Administración Autonómica no tema da coeducación?

—No ano 1988 a Comunidade Autónoma de Galicia suscribiu o Plan de Acción para a Igualdade de Oportunidades das Mulleres. Para levalo adiante créase a Comisión Interdepartamental na que participa a Consellería de Educación, que marca como obxectivo central da política educativa para a igualdade de sexos o desenvolvemento da coeducación, fomentando un cambio de actitudes que permita preparar ós alumnos e alumnas para asumir responsabilidades tanto na vida privada como na pública. Na práctica esto quedou en dúas xornadas sobre coeducación celebradas en Santiago nos cursos anteriores; un curso sobre "Proxectos curriculares coeducativos" e un módulo de coeducación para diferentes cursos no Plan de Formación Permanente do Profesorado este ano, así como algunha subvención a grupos de traballo e pouco máis. Sería necesario que a Consellería de Educación abordase un plan serie que enmarcase e dera sentido a tódalas actividades neste campo.

—¿Cómo debería ser ese plan?

—Penso que debería ter como grandes liñas de acción: accións dirixidas ós centros educativos, accións de formación do profesorado e axudas a grupos de traballo. Na intervención nos centros educativos habería que dirixirse a toda a comunidade educativa, favorecendo programas que axudas a detecta-los problemas de discriminación, asesorar e impulsar accións no propio centro, levar adiante programas de orientación e de acción tutorial que favorezcan a seguridade das nenas e que promovan o interese das rapazas polas novas tecnoloxías: facer propostas coeducativas ás/os mulleres e pais. No que se refira a formación do profesorado habería que levar adiante accións de sensibilización ante este tema e incorporar a temática da igualdade educativa entre os sexos nos plans de formación do profesorado. E necesario tamén proporcionar axuda a aqueles grupos de profesores e profesoras que están a traballar en proxectos curriculares que contemplan a aprendizaxe de destrezas e habilidades tradicionalmente femininas para os dous sexos; en proxectos interdisciplinares que fan unha presentación non sexista dos contidos, elaboración de textos e materiais didácticos non sexistas... e facelo posible para que estas experiencias se difundan. A Administración debería dictar normas para evitar os perxucios sexistas nos libros de texto.

CARABULLINO



...DE MOMENTO, XA CONSEGUIU LEVITAR E TER PROYECCIONS DE ECTOPLASMA...

...SE SE CONCENTRA UN POUQUÍN MÁIS, Ó MELLOR...



NA ESCOLA

Consello de Redacción:

Xosé Manuel Cid (coordinador).

Mercedes Suárez Pazos; Antonio Fernández Pereira; Mercedes González Sanmamed; David Cortón; Cecilia Bello Rodríguez; Manolo Bragado; Xesús Rodríguez Jares e Xoán M. Andrade.

Colabora: Nova Escola Galega.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

